



Expediente número: PLN/2019/2

ACTA

**Sesión EXTRAORDINARIA 2/2019
celebrada polo Pleno do Concello o
día 21 de febreiro de 2019**

ORDE DO DÍA

- 1. Aprobación da acta da sesión anterior.**
- 2. Expediente 702/2019. Disposicións Normativas. Aprobación do Regulamento da dotación económica aos Grupos Políticos Municipais.**
- 3. Expediente 679/2019. Subvencións nominativas ou directas para 2019.**
- 4. Proposta de adhesión do Concello de Redondela á Asociación de Entidades Locais pola Lingua Galega**
- 5. Expediente 903/2019. RENUNCIA MAURO ÁLVAREZ A SÚA ACTA DE CONCELEIRO.**

No Multiusos da Xunqueira, habilitado como salón de sesións por resolución da alcaldía número 452/2019 de data 18 de febreiro de 2019, e sendo as vinte horas 21 de febreiro de 2019 coa presidencia do alcalde, Javier Bas Corugeira, e a asistencia dos/as concelleiros/as:

GPM PP

Miguel Ángel Álvarez Ballesteros

Julio César Mougán Vázquez

Jesús Crespo López

María del Carmen Amoedo Dasilva

María José Barciela Barros

Arturo González Barbeiro

Ángela Antón Pazos



GPM PSOE

Eduardo José Reguera Ocampo

Digna Rosa Rivas Gómez

Leonardo Cabaleiro Couñago

Mauro Álvarez Castro

Ana Isabel Rey Gómez

Isaac Borja Araújo Figueroa

GPM AER

Xosé Covelo Míguez

Noé Cano Correa

Juan Roberto Darriba Ferradás

Javier Bastos Devesa

GPM BNG

Xoán Carlos González Campo

NON ADSCRITO

Enrique Fojo Durán

Tamén asistiu o interventor do Concello, Ángel Santamariña Rivera e actuando como secretario Carlos López Quintáns (secretario municipal).

Constitúese validamente o Pleno do Concello, en sesión ordinaria, conforme á convocatoria e de acordo coa orde do día.

INCIDENCIAS:

Con carácter previo ao tratamento dos asuntos incluídos na Orde do Día, a Corporación garda un minuto de silencio en lembranza das vítimas da violencia de xénero e violencia contra a infancia.



ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria celebrada o 7 de febreiro de 2019.

Se dá conta da acta da última sesión.

O concelleiro Cano Correa (AER) sinala que na páxina 17, na votación consta erroneamente 4 votos a favor do PP cando en realidade deben constar sete.

Sinala que nas mocións e preguntas lles gustaría que non aparecesen en formato imaxe.

Non existindo máis observacións apróbase a acta por unanimidade coas rectificacións sinaladas polo sr. Cano.

2. Expediente 702/2019. Disposicións Normativas. Aprobación do Regulamento da dotación económica aos Grupos Políticos Municipais.

ANTECEDENTES:

Visto o ditame da Comisión Informativa permanente de Economía e Facenda do día 14.02.2019 que di:

“Expediente 702/2019

Disposicións Normativas

Aprobación do Regulamento da dotación económica aos Grupos Políticos Municipais

PROPOSTA DE ALCALDÍA

APROBACIÓN DO REGULAMENTO DA DOTACIÓN ECONÓMICA AOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS DO CONCELLO.

O artigo 73.3 de la Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, sinala que o Pleno da Corporación pode atribuír aos distintos grupos políticos municipais que se constitúan, a efectos da súa actuación corporativa, unha dotación económica, a cal contará cun compoñente fixo e outro variable, facendo referencia, ademais, a que dita cantidade estará limitada cada ano polas Leis de Orzamentos Xerais do Estado.



Este dereito pode exercerse no Pleno de organización no que se recollerán as cantidades a percibir polos diferentes grupos políticos municipais que se conformen a partir do establecido na lexislación local e polo propugnado no regulamento orgánico do que se dotou este Concello.

A regulación destas asignacións debe ser desenvolvida co obxecto de que exista unha maior seguridade xurídica e transparencia, polo que se considera necesario contar cun procedemento preestablecido para os diferentes grupos municipais no uso desas asignacións. Elo será de utilidade para o propio Concello e para unha posterior fiscalización por parte das/os concelleiras/os. Por todo elo,

PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL:

PRIMEIRO. Aprobar Inicialmente o Regulamento da dotación económica aos grupos políticos municipais do Concello de Redondela de conformidade co documento que figura como ANEXO.

SEGUNDO. Abrir período de información pública por un prazo de trinta días hábiles, para que os interesados poidan presentar as reclamacións e suxerencias que estimen oportunas. O Acordo de aprobación inicial publicarase no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios físico e electrónico do Concello.

Concluído o período de información pública, si se presentaran reclamacións ou suxerencias, deberán resolverse estas, incorporándose ó texto da Ordenanza as modificacións derivadas da resolución das alegacións que se acepten. A aprobación definitiva corresponde ó Pleno.

No suposto de que non se presenten reclamacións no prazo de información pública, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, estendéndose por Secretaría a certificación que acredite a elevación a definitiva da aprobación inicial.

O Acordo de aprobación definitiva do regulamento, xunto co texto íntegro do mesmo, debe publicarse para o seu xeral coñecemento no taboleiro de anuncios Concello e no Boletín Oficial da Provincia, tal e como dispón o artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, non entrando en vigor ata que transcorran 15 días hábiles.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na web municipal.



ANEXO

REGULAMENTO DA DOTACIÓN ECONÓMICA AOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS DO CONCELLO.

Di o artigo 73.3 de la Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, que o Pleno da Corporación pode atribuír aos distintos grupos políticos municipais que se constitúan, a efectos da súa actuación corporativa, unha dotación económica, a cal contará cun compoñente fixo e outro variable, facendo referencia, ademais, a que dita cantidade estará limitada cada ano polas Leis de Orzamentos Xerais do Estado. No caso do Concello de Redondela, este dereito pode exercerse polas/os representantes dos cidadáns no Pleno de organización no que se recollerán as cantidades a percibir polos diferentes grupos políticos municipais que se conformen a partir do establecido na lexislación local e polo propugnado no regulamento orgánico do que se dotou este Concello.

Agora ben, este Concello observa que a regulación destas asignacións debe ser desenvolvida, polo que o obxectivo deste regulamento é dotar dunha maior seguridade xurídica establecendo un procedemento preestablecido para os diferentes grupos municipais no uso desas asignacións, para o propio Concello en canto a unha posterior fiscalización por parte das/os concelleiras/os e por último cumprindo co principio de transparencia para as/os habitantes do municipio.

ARTIGO 1.

A dotación económica á que se refire a lexislación local para os grupos municipais, ten a natureza de subvención cuxa titularidade corresponde de xeito solidario ás/aos concelleiras/os que conforman o grupo político municipal.

Para a aprobación das asignacións polo Pleno, deberá existir consignación orzamentaria suficiente no orzamento municipal.

ARTIGO 2.

Os beneficiarios destas asignacións serán os grupos políticos municipais validamente constituídos de acordo coa normativa local, debendo para elo cumprir as seguintes condicións:

- a) Cada grupo político terá que solicitar na Axencia Tributaria do Estado o número de identificación fiscal coa denominación de "Grupo municipal ..." diferenciado do partido político ao que puidera estar vinculado.
- b) Contar cunha conta bancaria da súa titularidade e baixo o devandito número de identificación fiscal.
- c) No Pleno de organización do Concello, o grupo municipal nomeará a un ou dous dos seus membros coma responsable da contabilidade do grupo, de facer as



retencións tributarias que procedan e dar conta da xestión económica para o efecto de xustificar o destino dos fondos percibidos.

d) Levar unha contabilidade específica da asignación concedida que poñerán a disposición do Pleno nos termos sinalados no presente regulamento.

e) O/s responsable/s do punto c) terá/n que conservar a documentación xustificativa dos gastos, pagos e ingresos do seu grupo durante cinco anos contados dende a data da súa remisión ao Pleno e poñela a disposición do mesmo, do órgano de control interno ou do órgano de control externo cando o precisen no exercicio das súas funcións legais, así como os seus rexistros contables e bancarios.

f) O outorgamento das subvencións queda condicionada a presentar polo beneficiario os certificados de estar ao corrente das súas obrigas tributarias (facenda autonómica e estatal) e coa Seguridade Social. Esta actuación poderá substituírse por unha autorización para que o Concello poida acceder a dita información. A comprobación de atoparse ao corrente coa facenda municipal farase de oficio polo Concello.

g) Se con cargo a ditos fondos, os grupos aboan honorarios profesionais u outros gastos suxeitos a retención, estarán obrigados a practicar ás correspondentes retencións, así coma o seu ingreso na Delegación da Axencia Estatal da Administración Tributaria.

ARTIGO 3.

3.1 A dotación económica poderase destinar a actividades que conleven a realización de gastos propios do funcionamento do grupo municipal, entre outras, as seguintes:

a) Os actos públicos que o grupo realice para a difusión das súas iniciativas e propostas políticas impulsadas no ou dende o Concello. Porén, estes gastos non serán admisibles se son realizados dentro dos dous meses anteriores á data de celebración das eleccións locais.

b) Os gastos de difusión nos medios de comunicación, folletos, buzoneo e medios similares das iniciativas propias do grupo político municipal. Sen embargo, estes gastos non serán admisibles se son realizados dentro dos dous meses anteriores á data de celebración das eleccións locais.

c) Gastos de representación, gastos de manutención por reunións co fin de coordinar políticas, negociar asuntos ou cuestións que afecten ás funcións e tarefas do grupo político no Concello.

d) Subministros de bens inventariables, consumibles, telefonía, mantementos coma o do servizo informático, da web do grupo político municipal...



e) Contratos de aluguer, a nome do grupo, de locais necesarios para o exercicio das súas funcións. En todo caso, se o Concello pon a disposición do grupo municipal un local municipal non poderá destinarse a asignación a un aluguer dun local de xeito permanente incluso se o grupo político renunciase ao mesmo. Tampouco poderá destinarse a asignación ao aluguer dun local que non teña o carácter de permanente nos dous meses anteriores á data de celebración das eleccións locais.

f) Contratos de servizos en apoio de tarefas e obrigas propias do grupo municipal no exercicio da súa actuación corporativa.

g) Comisións bancarias de xestión e mantemento da conta corrente aberta ao seu nome.

h) Gastos en formación dos membros do grupo municipal en cuestións relacionadas coas súas tarefas dentro do mesmo.

i) Aquelas que poida aprobar o Pleno de xeito excepcional e para unha situación concreta sempre que respondan a competencias municipais, excluídos en todo caso os gastos do apartado seguinte.

3.2 Esta asignación non poderá destinarse aos seguintes fins:

a) A financiar operacións de endebedamento do grupo municipal.

b) Adquisición de bens que constitúan activos fixos de carácter patrimonial.

c) Ao pagamento de retribucións de persoal que preste servizos á entidade local.

d) Ao pagamento de calquera gasto do grupo político municipal derivado de ter a consideración de empresario ou empregador segundo a lexislación laboral en ningunha relación individual de traballo.

e) Ao financiamento dos partidos políticos presentes na corporación local.

3.3 Cando o gasto realizado polo grupo supere o importe disposto na lexislación contractual para consideralo como contrato menor terá que acreditar solicitar polo menos tres ofertas de distintos contratistas.

3.4 Os pagamentos terán que facerse utilizando uns medios -transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, talón bancario ou cheque nominativo- que aseguren o seu rexistro na conta bancaria do grupo e a identificación do seu destinatario. Só excepcionalmente admitirase o pagamento en efectivo para importes inferiores a trescentos euros e sempre deixando constancia documental da efectividade do pago ao terceiro debidamente identificado.



ARTIGO 4.

Cada grupo político municipal deberá levar unha contabilidade específica da dotación anual asignada, rexistrando cada unha das operacións que realicen e conservando as correspondentes facturas ou documentos equivalentes establecendo internamente os seus mecanismos de xestión da contabilidade e de autorización e de disposición dos gastos.

Admitiranse uns rexistros contables por “partida simple” e a aplicación do principio de caixa. O procedemento da partida simple consiste en levar conta das operacións económicas das entradas e saídas e as disponibilidades do diñeiro. O principio de caixa supón a imputación dos ingresos e gastos no momento no que produza a corrente monetaria ou financeira derivada deles. O libro de contabilidade rexistrarse por orde cronolóxica todas as operacións relativas aos gastos e ingresos e as súas correspondentes entradas e saídas de fondos, consignándoas no apartado do debe as primeiras e no apartado do haber as segundas tal como se recolle no anexo I.

ARTIGO 5.

A xustificación haberá de facerse en todo caso, mediante a presentación dunha conta xustificativa composta polas facturas e demais documentos acreditativos dos gastos, listados de movementos bancarios da conta corrente para acreditar o pagamento das mesmas e os rexistros contables citados. As facturas deberán ser emitidas a nome do grupo municipal. Xunto coa conta xustificativa deberá presentarse a documentación da letra f) do artigo 2.

Admitiranse como xustificante dos gastos as facturas ou recibos orixinais nos que se identifique o concepto do servizo ou subministro contratado e nos que deberán constar os datos fiscais (NIF ou CIF da empresa, dirección, número e data da factura, importe, co IVE desagregado ou en caso contrario se faga constar a exención) e cumpran o contido disposto na lexislación tributaria. As facturas simplificadas e os tickets dos establecementos comerciais ou transportes só serán admitidas nos supostos dispostos na devandita lexislación.

As contas xustificativas deberán presentarse antes do 1 de febreiro do exercicio seguinte ao que corresponda e se admitirán gastos facturados entre o 1 de xaneiro do exercicio no que reciben a asignación ata o 31 de xaneiro do exercicio seguinte, podendo superar esa data os pagos. No caso de ser necesario darase un prazo de subsanación de dez días.

No ano electoral, con motivo da renovación dos grupos, cada un deles deberá presentar unha conta xustificativa polos meses que corresponda ao mandato que termina, dentro do mes seguinte a súa finalización. Os novos grupos constituídos deberán presentar outra polo período do ano que corresponda ao novo mandato.

As contas xustificativas presentadas polos grupos políticos será aprobadas pola Alcaldía, previa fiscalización pola Intervención Municipal e dando conta ao Pleno na



primeira sesión que celebre. A Alcaldía poderá delegar a aprobación na Xunta de Goberno Local.

Se o Pleno o pide, os grupos municipais estarán obrigados a presentar a documentación en calquera momento.

A fiscalización da Intervención consistirá en comprobar que o grupo político municipal presentou a xustificación do exercicio anterior conforme ao establecido neste regulamento e que o grupo político achegue certificado de estar ao corrente coas obrigas tributarias.

No caso de que o importe xustificado non alcance a totalidade da cantidade librada, a diferenza volverase a librar ao grupo político municipal xunto coa asignación do ano seguinte, salvo no ano en que remate o mandato, no que o grupo municipal estará obrigado a ingresar na tesourería municipal a parte non xustificada.

ARTIGO 6.

O pagamento da asignación realizarase tras a aprobación da xustificación recollida no artigo quinto, salvo no ano en que se volve a constituír o Pleno que, no caso de que se aproben as asignacións, procederase ao pagamento das asignacións tras a aprobación dos grupos políticos polo Pleno.

O pago da asignación será anual e terá o carácter de pagamento que hai que xustificar.

Non se poderá librar ningunha nova asignación sen ter xustificada a anterior.

ARTIGO 7.

As contas xustificativas publicaranse no portal de transparencia municipal de acordo cos criterios establecidos na lexislación de transparencia e acceso á información pública.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Este regulamento entrará en vigor co inicio do mandato que comezará tras as eleccións do ano 2019.



ANEXO I AO REGULAMENTO DA DOTACIÓN ECONÓMICA
AOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS
LIBRO DE CONTABILIDADE DOS GRUPOS MUNICIPAIS

DATA	N.º operación	CIF/NIF TERCEIRO	CONCEPTO	IMPORTE	DEBE (fecha cobro)	HABER (fecha pago)	SALDO

INTERVENCIÓNS.-

A concelleira Amoedo Dasilva explica que en xullo de 2018 asinouse un acordo entre AER e PP para promover un regulamento e ordenar con criterios como deben xustificarse as achegas que o Concello fai ós grupos políticos municipais. O obxectivo do regulamento é maior seguridade xurídica, establecer un procedemento e cumprir co principio de transparencia. Todo o que sexa mostrar as asignacións dos grupos políticos municipais entendemos que é conveniente. No regulamento se indica a que tipo de gastos poden destinarse.

O concelleiro Fojo Durán di que lles parece un regulamento válido, non votaremos en contra de calquera exercicio de transparencia. Este documento preconcebido por AER e presentado en conxunto co PP xa estaba acordado e validado pola maioría en votos de dous partidos. O xeito de que este exercicio de control e fiscalización o presente o PP faise moi curioso porque existen casos de concellos gobernados polo PP con corrupción. Por outra banda que o socio deste regulamento sexa AER tamén é curioso.

O concelleiro González Campo di que estudaron este regulamento e que mostra a boa sintonía que hai entre PP e AER. É un dos acordos que se recolleu para que AER se abstivese nos orzamentos de 2018. Chegar á negociación e transparencia cun goberno que practica a censura neste edificio se nos fai complicado.

Estamos de acordo en facer chegar a información ós veciños e veciñas que nos votan. Ao PP este tipo de regulamentos lles dá igual. No inicio do anterior mandato houbo unha redución moi importante de asignacións ós grupos políticos, o BNG pasou de 4.800 euros e 3.000 euros. Tamén se incumpre a Lei 39/2015 en canto a presentar o plan anual normativo.



O sr. alcalde di que o plan anual normativo está colgado na web do Concello.

O concelleiro González Campo indica que no regulamento se di que se financian gastos de difusión nos medios de comunicación, pero non estamos nós para facer este tipo de gastos porque con isto xa se xustifica todo; tamén se fala no regulamento de gastos de representación ou de manutención que son gastos que consideramos non necesario sufragar. Hai cuestións que consideramos que non necesitan subvención.

O concelleiro Darriba Ferradás manifesta que isto vén de 2015, dunha moción de AER de 2015, non xurdiu agora. O que nos atopamos é que non se era moi receptivo a esta cuestión. Fixemos preguntas de pleno no 2015 e non se avanzou. Nós somos unha oposición que estamos por conseguir cousas, non só limitarnos a criticar. Non entendemos como AER devolveu 8.000 euros no mandato anterior pero que nós saibamos, ningún outro grupo devolveu nada. O feito de que se poida gastar xustificando non significa que o teñamos que gastar. A lei establece que nestas asignacións ós grupos políticos, o pleno poida pedir contas. Claramente ata agora non se piden contas; porén ás asociacións, ANPAS, axudas e veciños... teñen que presentar contas.

Esta é unha axuda para o funcionamento do grupo político do Pleno, non ó partido político. Sería interesante que nos contasen en que gastaron os cartos; nós publicamos todo na nosa páxina web. Poden dicirnos en que consideran que se deben gastar. Nas bases de orzamentos do 2018, un dos compromisos é que hai que presentar unhas contas. Nós xa presentamos as nosas. En comisión de facenda de marzo de 2016 xa se falou con secretaría e intervención para ver como se podía traballar neste regulamento.

O sr. alcalde explica que respecto de presentar a documentación xustificativa existirá unha resolución de alcaldía dando un prazo.

O concelleiro Cabaleiro Couñago indica que nun pleno anterior dicía que respectamos calquera pacto que poida existir entre grupos políticos. Na comisión de facenda que houbo emitimos voto negativo porque pretendiamos que despois das novas eleccións se traballase nel.

Isto tamén se puido facer no pleno organizativo. Claro que apostamos pola transparencia. Os pactos entre PP e AER son feitos coa boca pechada, nos gustaría saber se existen para outras cuestións. Queremos saber porqué se trae agora e non no pleno de organización. Non se poden cambiar as regras á metade do partido.

O PSOE está obrigado a presentar as contas, como partido. Traio un informe de transparencia internacional España, miren os resultados do PSOE neste informe. Presumimos de que as nosas contas están ao día e transparentes. O que non estamos dispostos é apoiar políticas de grupos que pactan con partidos que son os menos transparentes de toda a democracia. O PP de Redondela é un brazo executor do PP de España.

A concelleira Amoedo Dasilva dille ó sr. Cabaleiro que non sabe porqué lle molesta que exista un acordo entre PP e AER para mellorar o funcionamento. Falan de que son transparentes pero só hai que ver que para obter un expediente na Deputación case temos que ir a Lourdes. Por non recordar a última actuación do sr. Caballero no tema do Marisquiño.



O documento que asinaron PP e AER fala claramente de que cousas pensamos que se poden mellorar. Cal é o problema de que se fiscalice máis polo miúdo as achegas que se fan ós grupos políticos municipais? Lles molesta que Redondela sexa número 1 en transparencia. Non poden vostedes pensar en Redondela porque primeiro piden permiso a Carmela Silva, sr. Santos e Caballero. Este regulamento é bo para Redondela, é inxustificable que voten en contra. Demostran que non queren transparencia. Falan dunha auditoría a nivel nacional, pero que lles pasa a nivel local? Tratan continuamente de salpicar a un grupo municipal que fai moito pola transparencia municipal.

O concelleiro Fojo Durán di que lles parécenos válido o regulamento e non votaremos en contra de calquera exercicio de transparencia. Como xa dixemos ó principio da lexislatura, incluso estabamos dispostos a unha rebaixa substancial das achegas sempre que o fixésemos todos. Coma concelleiro non adscrito nos absteremos.

O concelleiro González Campo di que hai cousas que lle chaman a atención coma os gastos en formación dos grupos municipais? Os concelleiros estamos para traballar, formarnos e informarnos. Está moi ben gravar vídeos e pagarlle a unha empresa pero tamén debe ter seguimento político. Respecto disto hai que facer acción política, como cos contedores de Rande coa alegación que fixo o BNG.

Respecto do local do BNG, está alugado e supón gastos por este motivo, tamén pola electricidade e os consumos, son máis de 350 euros ao mes. O Concello apórtanos 250 euros ao mes. Na cuestión dos locais que están no Concello, o PP botou man do local que está ao lado do rexistro. Isto debería estar máis regulado e organizado.

Algúns grupos din que non necesitan locais pero nós si, son moi útiles para informar á xente en temas importantes coma o catastrazo.

O concelleiro Darriba Ferradás: hai que non sabe diferenciar pacto de acordo. Cando din canto costa unha abstención? Mire sr. Cabaleiro en 2014 apróbanse uns orzamentos cunha abstención dun membro do PSOE, supoño que entón saberá que aí tamén había mans raras. Lle digo o mesmo que o outro día, levamos con esta historia dende o pleno de 2015. En 2016 houbo unha comisión de facenda para tentar avanzar no tema.

Sr. González aínda non nos dixo en que gastan vostedes os cartos. Vostedes como partido político, por datos do tribunal de contas no 2014 tiveron uns ingresos de 1.235.000 euros de financiamento público. Teñen que diferenciar grupo político do pleno de partido político.

O concelleiro Cabaleiro Couñago: sr. Darriba pacto é unha acción ó efecto de acordar. Sra. Amoedo vostede se vai polas ramas. Todos queremos avanzar, hai que buscar medidas valentes. O PP é o menos indicado para dar leccións de transparencia en nada. Na disposición final deste regulamento se di que entrará en vigor co mandato das eleccións de 2019. Na comisión pediamos na que o retirasen e deixasen para o seguinte mandato, nesta disposición aplican a lóxica.



A concelleira Amoedo Dasilva: mire sr. Cabaleiro, as leccións no colexio. O PSOE de Redondela non ten credibilidade. Cando se traen cousas tan básicas como un regulamento para ordenar e fiscalizar mellor os cartos que se aportan ós grupos políticos municipais, saen por Burgos. Vostedes están encadeados a Vigo e a Carmela Silva. Tiveron vostedes tempo para revisar, aportar e sumarse a este acordo. O problema é que vostedes non queren que medre Redondela. Cando vostedes gobernaban non había transparencia, non había portal web para suxestións. É un documento que axudará a que Redondela siga de número 1 en transparencia.

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido o asunto a votación segundo o detalle contido na proposta, apróbase por maioría dos/as concelleiros/as, sendo 12 votos a favor (8 do PP e 4 de AER), 07 abstencións (01 concelleiro non adscrito e 06 do PSdeG-PSOE) e 01 voto en contra (BNG).

3. Expediente 679/2019. Subvencións nominativas ou directas para 2019.

ANTECEDENTES:

Visto o ditame da Comisión Informativa permanente de Economía e Facenda do día 14.02.2019 que di:

“Expediente 679/2019. Subvencións Directas ou Nominativas

Asunto.- Aprobación de subvencións nominativas.

Que o Orzamento do ano 2018 se aprobou definitivamente o día 31 de agosto de 2018 e foi publicado no BOP de Pontevedra o día 5 de setembro de 2018, número 171.

Para este ano 2019, dito Orzamento atópase prorrogado, sen que, salvo excepcións xustificadas, se prorrogaran as subvencións nominativas.

Na prórroga orzamentaria non constan os créditos precisos para a concesión das subvencións nominativas ás entidades que os viñan recibindo en anos anteriores. Vese así mesmo a necesidade de adaptar algunhas cantidades e a instauración de dous novos convenios. Ditas axudas municipais son moi necesarias para que poidan seguir desenvolvendo as súas actividades en prol das veciñas e veciños de Redondela. A consignación destas cantidades suporá en todo caso un esforzo adicional para o orzamento municipal.



A Intervención emitiu o seu informe de data 12 de febreiro de 2019.

É por elo que teño a ben **propoñer ó Pleno do Concello de Redondela:**

Primeiro.- Aprobación das subvencións nominativas propoñendo as seguintes:

PARTIDA	BENEFICIARIO	IMPORTE
2311A.48000	AEC.....	4.000,00
2311A.48000	Asociación Lenda.....	15.000,00
2311A.48000	Diócese Tui-Vigo (Cáritas).....	20.000,00
2311A.48000	Hermanos Pobres de Teis.....	3.000,00
2311A.48000	Andaina.....	18.000,00
2311A.48000	Solidariedade Galega co Pobo Saharaui.....	4.000,00
2311A.48000	ONG da Man.....	2.500,00
2311A.48900	Fundación Amigos de Galicia.....	6.000,00
3341A.48900	Asociación Millo Verde.....	16.500,00
3341A.48900	Asociación Cultural e Social de Chapela.....	36.000,00
3341A.48900	Asociación Cultural Xente Titiriteira.....	56.000,00



3411A.48901 Club Atletismo Redondela.....	4.500,00
3411A.48901 Asociación Deportiva Islas Cíes-San Simón.....	4.500,00
3411A.48901 CCD Cesantes (V Bandeira).....	9.000,00
3411A.48901 CCD Cesantes (XXIII Bandeira de Bateis).....	2.500,00
3411A.48901 Club de Remo Chapela (XXXIII Bandeira Chapela).....	9.000,00
3411A.48901 Club de Remo Chapela (Bandeira Feminina Chapela).....	9.000,00
4391A.48900 Asociación de Empresarios de Redondela.....	10.000,00

Segundo.- No caso de aprobarse esta proposta procederase á súa exposición pública polo prazo de quince días hábiles no Taboleiro de Anuncios trala súa publicación no BOP. No caso de que non houbera reclamacións á aprobación inicial, esta converterase en definitiva; no caso de que houbera reclamacións precisárase dunha nova aprobación por parte do Pleno. Finalmente procederase á publicación definitiva no BOP.”

INTERVENCIÓNS.-

A concelleira Amoedo Dasilva: di que queren activar para este 2019 os convenios nominativos que todos os anos se lle dan ás asociacións culturais, sociais e deportivas de Redondela. Como xa se comentou na comisión, á Asociación contra o Cancro se lle sube de 2.000 a 4.000 euros, a Andaina de 4.000 a 18.000 euros, á Asociación Cultural Xente Titiriteira se lle aumenta a 56.000 euros. Créase unha nova bandeira en remo para a competición feminina e se lle dan 9.000 euros.

As asociacións solicitaron un aumento e puxeron en coñecemento do Concello os proxectos que pretenden levar a cabo, tendo en conta que todas elas teñen que xustificar o gasto. A aprobación se trae nun único punto.



O concelleiro Fojo Durán di que votarán a favor destas subvencións. En canto ás organizacións de axuda social, todo esforzo para que estas persoas non pasen fame é necesario. Pensamos que os esforzos nestes temas son cativos, fan falta outro tipo de accións para que poidan alcanzar un nivel de vida digno, por exemplo peticións que fixemos como un armario solidario ou comedor social. Se denegamos este tipo de accións e só nos preocupamos de estender un cheque, fallamos.

O concelleiro González Campo di que dende o BNG estudaron con moita atención os convenios que se traen a debate. Iniciamos unha rolda de contactos cos colectivos. Moitas das organizacións nos contaron cal é a súa dinámica, o que están facendo, cales son as súas expectativas. Manifestaron que existe certa inseguridade porque a maioría dos convenios se asinan a final de ano, cando en realidade hai posibilidade de asinar os convenios moito antes e así teñan onde agarrarse para desenvolver o seu traballo. Cremos que hai que mellorar as demandas que fan estes colectivos. Hai organizacións que son exemplares. A área de servizos sociais nos interesa destacala, hai un aumento porque entre outras cousas o Concello de Redondela renunciou a dar resposta a moitas das necesidades das familias. Se lle subiu o soldo á concelleira de servizos sociais pero non asume o labor de solucionar as necesidades. As entidades de carácter social cada vez teñen máis responsabilidade. Respecto do resto de convenios e as subas que se fan son bastantes atinadas en función dos proxectos que se propoñen.

O concelleiro Darriba Ferradás: traen a pleno a aprobación das nominativas pero vostedes deberían ter presentado uns orzamentos. No 2011 prorrogouse, no 2012 aprobouse en abril, no 2015 presentárono en marzo, en 2017 non o presentaron, no 2018 en xuño. Isto das nominativas debe ir incluído nos orzamentos. Pedimos perdón á cidadanía en nome do PP porque vostedes foron quen de mentir reiteradamente porque dicían que ao non poder aprobar os orzamentos non podían dar as subvencións. Agora traen a proposta sen orzamento.

A achega á entidades sociais e a contía que se dá mostra un fracaso absoluto da política de servizos sociais municipais. No informe de intervención se fala de que estamos con orzamento prorrogado e como tal non hai partidas asignadas, elo supón que se detraía doutras partidas para incrementar estas. Se hai transparencia díganos de que partidas van quitar. É importante aclarar que o que aprobamos é unha retención de crédito.

A concelleira Rivas Gómez indica que unha vez máis se traen a este pleno os convenios a colectivos e asociacións de Redondela. É un problema que se asinen os convenios en decembro porque mentres tanto teñen que adiantar os cartos as asociacións e colectivos. Dende o PSOE cremos que ten que quedar claro que o PP ten falta de respecto absoluta ós colectivos. Na prensa o PP di que o benestar dos veciños e veciñas é unha prioridade do goberno. É totalmente falso. Vostedes non incrementaron as achegas porque se reuniran vostedes con eles, foron as asociacións as que pediron reunirse coa concelleira. É triste que as asociacións teñan que vir e pedir que se lle incremente. Vostedes non falan de proxectos, falan de tarefas. Non saben o que é un proxecto. Na Xunta de Voceiros se levou un primeiro borrador de asignacións ós colectivos e nese borrador non se incrementaba.

Deberían ter previamente definidos uns criterios. Despois de ir a pedir se lles incrementou, non traballan por criterios obxectivos nin por proxecto. Me parece tremenda a falta de respecto.



A concelleira Amoedo Dasilva: sra. Rivas falta de respecto é a súa a Redondela como deputada. Estou esperando o primeiro convenio da Deputación en cuestións sociais con Redondela. Para Redondela non trouxo nada. A diferenza de cando gobernaron vostedes é que as asociacións son independentes agora, non son teledirixidas coma cando gobernaban vostedes. Andaina non tiña nin convenio cando gobernaban vostedes.

Nós escoitamos ós colectivos, cando precisan algo veñen e os escoitamos. Coas asociacións temos que comezar polas prioridades. Deixamos que os colectivos teñan os seus propios proxectos. Cada vez que asinamos con eles os convenios, o sr. alcalde se pon a disposición de todos eles. As axudas de emerxencia social antes se daban a dedo. Vostede só fala dos colectivos sociais, pero tamén os hai culturais e deportivos. Non temos inconveniente en que se hai unha necesidade se aporte máis.

O concelleiro Fojo Durán di que se existe máis aportación para asociacións culturais é bo porque hai máis cultura, tamén coas deportivas; pero que haxa máis para as sociais non sei se é bo, algo falla.

O concelleiro González Campo: di que existe máis fame e necesidade porque nalgún dos convenios xa se fala de malnutrición. A concelleira se queda tranquila falando coa ordenanza de axudas de emerxencia. Respecto do que dixo de ANDAINA tivo uns anos nos que existía pero non tiña actividade.

Di AER que lle sorprende que non presente os orzamentos, iso pasa porque pactan con eles e non lle esixen que presenten os orzamentos. O BNG tomou a decisión de apoiar propostas que saen dos colectivos, das asociacións. Preferimos apoios ós colectivos e non a remanentes e obras das que se nutre o PP.

O concelleiro Darriba Ferradás: nós facemos a oposición con propostas, algunhas as conseguimos e outras non. Probablemente conseguiríamos máis se tivéssemos a oposición ao noso lado. Respecto das nominativas sempre estivemos a favor dunhas bases e de reducir as nominativas a casos excepcionais. Fixemos unha proposta de regulación de subvencións nominativas e excepcionais, se existise apoio incluso se podería modificar e mellorar. Nós non participamos nunha política de caridade, pero si en xustiza social. Temos enriba da mesa o observatorio da discapacidade, pero esa iniciativa nola tumbaron.

A concelleira Rivas Gómez: o que está claro é que dende a barreira as cousas se ven moi ben. O PP non fai efectivos máis do 90% dos acordos plenarios. Esas propostas non saen adiante. Sra. Amoedo hai que ter cara para falar sempre da Deputación e Concello de Vigo. Caciquil é o seu goberno. A Deputación non ten competencia en servizos sociais para os Concellos de máis de 20.000 habitantes. A Deputación si que trae proxectos ó Concello e o alcalde non os quere. O proxecto dos transformadores. Respecto de AFAGA se presentou unha moción aquí en pleno pero vostedes seguen sen facer nada, ese convenio é moi necesario e importante.

A concelleira Amoedo Dasilva: sra. Rivas vostede non ve a realidade de Redondela. Como fai sempre chega tarde e mal. Non lles interesa que esas actividades se dean ben. Só quere saír na foto. Falan de que o goberno do PP fai unha política de caridade e non é certo. Temos máis de un millón de euros de formación onde os riscos de exclusión social se consideran. O primeiro plan de emprego foi con este partido, non co PSOE.



VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido o asunto a votación segundo o detalle contido na proposta, apróbase por maioría dos/as concelleiros/as, sendo 16 votos a favor (08 do PP, 01 concelleiro non adscrito, 06 do PSdeG-PSOE e 01 do BNG), 04 abstencións (AER) e ningún voto en contra.

4. Proposta de adhesión do Concello de Redondela á Asociación de Entidades Locais pola Lingua Galega.

ANTECEDENTES:

Visto o ditame da Comisión Informativa de Cultura e Turismo do día 12.02.2019 que di:

“Expte. 413/2019

Asunto: Proposta de adhesión do Concello de Redondela á Asociación de Entidades Locais pola Lingua Galega.

PROPOSTA DE ALCALDÍA

O pasado 25 de outubro celebrouse unha xuntanza de preparación e debate para impulsar unha Asociación de Entidades Locais pola Lingua Galega. O propósito é desenvolver proxectos conxuntos no ámbito da normalización lingüística.

O Concello de Redondela acudiu a esta xuntanza canda varios concellos máis cos que compartimos proxectos comúns como o de Apego, dedicado á infancia.

O obxectivo desta asociación será promover a colaboración entre as distintas institucións para lograr unha xestión máis eficaz dos proxectos colaborativos en materia de lingua. O Concello de Redondela comparte estes obxectivos e por iso propoñemos a incorporación.

Para isto lévase a este Pleno unha declaración, común a outros concellos que xa a aprobaron (Teo, Rianxo, Santiago de Compostela, Moaña, Narón, A Baña, Ponteceso ou Ribadeo), para que sexa sometida a debate e votación.

Considerando o exposto PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL:

A adhesión do Concello de Redondela á Asociación de Entidades Locais pola Lingua Galega de conformidade cos estatutos que se acompañan con esta proposta, aceptándose os mesmos, cos condicionantes seguintes:

- Respecto das achegas extraordinarias que se poidan acordar pola asociación, as mesmas deben ser ratificadas polos concellos.



- Para contratar servizos, investimentos e subministros a asociación estará suxeita á lexislación vixente de contratos do sector público.

ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DE ENTIDADES LOCAIS POLA LINGUA GALEGA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Estatuto de autonomía de Galicia atribúelles ás administracións locais competencias sobre lingua galega. Correspóndelles concretamente garantir o uso normal e oficial dos dous idiomas, potenciar o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e dispor os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.

A Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, dispón no seu artigo 25 que o Goberno galego e as corporacións locais, dentro do seu ámbito, fomentarán a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras.

O Plan xeral de normalización da lingua galega aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia o 21 de setembro de 2004, contén, entre outros, os seguintes obxectivos referidos á Administración local:

É necesario consolidar o papel normalizador das corporacións locais por medio da xeneralización do uso do galego como principal lingua de traballo e comunicación cos seus administrados. Cómpre incluír a promoción do galego no concepto de servizo que o concello e a comarca lle ofrece á cidadanía, tanto directamente como a través das empresas subcontratadas. Hai que poñer os medios para que todo o persoal traballador ao servizo directo ou indirecto da Administración local ou comarcal teña unha actitude favorable ao emprego da lingua propia de Galicia, coñecemento oral e escrito suficiente para atender nesa lingua o/a cidadán/cidadá que o desexe e que teña tamén práctica habitual na oferta positiva.

A aplicación da política lingüística que sinalan estes mandados tivo a súa concreción ao longo dos anos nas entidades locais con accións de promoción do uso da lingua de diverso contido e incidencia. Constatouse asemade en diferentes momentos a necesidade de contar con ferramentas que permitisen coordinalas ou mesmo desenvolveselas de maneira conxunta para lograr dun xeito máis eficaz e eficiente os obxectivos perseguidos.



Froito precisamente desta necesidade puxéronse en marcha algúns proxectos colaborativos que se manteñen grazas á coordinación voluntariosa entre entidades locais. É o caso, por exemplo, do programa Apego, o Club de Debate, Youtubeir@s, Enreguéifate etc.

A promoción do uso da lingua é unha competencia propia como aclara o informe emitido pola Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia, do 7 de maio de 2018, a respecto da prestación do servizo de normalización lingüística pola Administración local.

De por parte, a dimensión que alcanzan os proxectos colaborativos e a necesidade de contar cunha base máis sólida que supere a simple coordinación puntual, recomenda crear unha asociación que, de maneira estable, aglutine a vontade normalizadora das entidades locais e facilite a xestión dos programas conxuntos.

A este respecto, a disposición adicional 5º da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local recolle:

As entidades locais poden constituír asociacións, de ámbito estatal ou autonómico, para a protección e promoción dos seus intereses comúns, ás que se lles aplicará a súa normativa específica e, no non previsto nela, a lexislación do Estado en materia de asociacións.

Nos artigos posteriores establece que estas asociacións se rexerán por uns estatutos que garantan a participación dos membros na actividade da entidade, que poderán formalizar convenios coas administracións públicas para os seus fins e que se rexerán pola normativa de contratación do sector público.

Así mesmo, a Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, recoñece o dereito de todas as persoas -físicas e xurídicas- a asociárense para a consecución dos seus fins e establece as normas básicas que deben regular o funcionamento destas entidades.

Con base en todo o anterior, as entidades locais adheridas manifestamos a nosa vontade de constituír a Asociación de Entidades Locais pola Lingua Galega, que se rexe polos seguintes estatutos.



CAPÍTULO I. DA ASOCIACIÓN EN XERAL

Artigo 1

O obxecto destes estatutos é regular a constitución e o funcionamento da Asociación de Entidades Locais pola Lingua galega, como asociación sen ánimo de lucro ao abeiro do que establece a Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, e da disposición adicional quinta da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Artigo 2

Son fins principais da asociación:

- 1 Promover e dinamizar o uso da lingua galega desde o ámbito dos concellos e do resto de entidades locais asociadas de xeito cooperativo.
- 2 Impulsar e dar apoio aos proxectos e iniciativas que das entidades locais asociadas se xeren arredor da dinamización da lingua galega en todos os ámbitos mencionados.
- 3 Crear e manter espazos de intercambio de experiencias e de formación sobre o proceso de normalización lingüística.
- 4 Procurar a coordinación da acción dos servizos de normalización lingüística das entidades locais asociadas.
- 5 Prestarlles servizos de asesoramento ás entidades asociadas na promoción e impulso dun maior emprego da lingua galega.
- 6 Elaborar e presentarlles propostas ás institucións autonómicas, estatais ou europeas sobre dinamización lingüística.
- 7 Fomentar o contacto e a relación con outras entidades de natureza análoga que teñan entre os seus fins a promoción e defensa das linguas propias do seu territorio en situación de minorización ou minoría.
- 8 Incluír os proxectos que desta asociación deriven no marco dos programas da Unión Europea e/ou doutras institucións, destinados á conservación e promoción das linguas minorizadas e minoritarias e que precisen da súa presentación de forma conxunta e coordinada.

Artigo 3

A asociación, en función dos seus fins, exercerá fundamentalmente as súas actividades no ámbito territorial da comunidade autónoma de Galicia.

A súa sede será rotatoria entre as entidades locais membros e corresponderá á da entidade que a presida.



Artigo 4

A asociación constitúese por tempo indefinido e só se disolverá, consonte estes estatutos, pola vontade das entidades locais asociadas expresada nunha asemblea xeral extraordinaria ou polas causas que establece a lexislación vixente.

Artigo 5

A asociación nace sen patrimonio propio e aterase no seu réxime económico ás seguintes premisas:

- 1 Terá un carácter non lucrativo.
- 2 Para cumprir os seus fins, a asociación contará cun orzamento formado por achegas anuais dos seus membros.
- 3 Todos os seus ingresos aplicaranse para os fins que constitúen o obxecto desta asociación, sen que caiba en ningún caso repartilos entre as entidades locais asociadas nin cedelos a persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.
- 4 O seu patrimonio será independente do das súas entidades asociadas.
- 5 Os beneficios obtidos pola asociación, derivados do exercicio de actividades económicas, incluídas as prestacións de servizos, deberán destinarse exclusivamente ao cumprimento dos seus fins, sen que caiba en ningún caso o seu repartimento entre entidades asociadas nin a súa cesión gratuíta a persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.
- 6 Anualmente, a Xunta Directiva presentaralle á asemblea unha memoria económica do exercicio xa rematado xunto cos xustificantes de gasto, que deberán ser de valor legal. Esta memoria deberá ser aprobada pola asemblea de entidades locais socias.
- 7 Para contratar servizos ou investimentos, a asociación estará suxeita á lexislación vixente de contratos do sector público.

Artigo 6

Para levar a cabo os seus fins, a asociación poderá:

- 1 Establecer as estruturas orgánicas e administrativas pertinentes para os seus fins.
- 2 Facilitar o intercambio de información sobre temas relacionados coa promoción e dinamización da lingua galega entre os membros.



3 Dirixirse aos poderes públicos e intervir, se é o caso, na formulación de propostas normativas ou de desenvolvemento de accións en prol da lingua.

4 Organizar e participar en reunións, seminarios, congresos, cursos e xornadas.

5 Promover publicacións e documentos nas materias propias das súas competencias.

6 Planificar e executar programas en relación coa súa finalidade e obxectivos.

7 Realizar calquera outra actividade que poida resultar conveniente para os fins da entidade, con suxeición á lexislación vixente.

CAPÍTULO II. DAS ENTIDADES ASOCIADAS

Artigo 7

Poderán formar parte da asociación todas as entidades locais que desenvolvan políticas en prol da normalización lingüística e, polo tanto, contén no seu organigrama cunha unidade especificamente dedicada a executalas que leve a cabo accións concretas con este fin.

Artigo 8

As entidades locais interesadas deberán expresar a súa vontade de adhesión mediante un acordo do órgano competente da corporación, que se expresará tamén a aceptación destes estatutos.

As entidades locais que desexen incorporarse despois da constitución da asociación deberán solicitalo por escrito facendo constar a vontade de adhesión e a aceptación dos estatutos. O acordo para incorporalas correspóndelle á Asemblea Xeral.

Artigo 9

As entidades locais membros da asociación terán os dereitos que seguen:

1 Asistir con voz e voto ás asembleas e reunións que se realicen.

2 Ser candidatas aos cargos dos órganos de goberno.

3 Participar nas áreas de traballo da asociación.

4 Ter acceso aos arquivos, rexistros e documentos.

5 Ter coñecemento da execución do orzamento.

6 Solicitalle á Presidencia que reúna a Asemblea Xeral.



Artigo 10

As entidades locais membros da asociación terán as seguintes obrigas:

- 1 Cumprir os estatutos e os acordos válidos da asociación e dos seus órganos de goberno.
- 2 Pagar as cotas regulamentarias e as achegas extraordinarias que, se é o caso, poidan establecerse.
- 3 Colaborar coa asociación para conseguir os fins propostos, prestando, se fose necesario, o apoio do persoal propio para a xestión da entidade.

Artigo 11

A condición de entidade local socia alterarase por algún dos seguintes motivos:

- 1 Por vontade da propia entidade manifestada nun acordo do órgano de goberno que corresponda normativamente.
- 2 Por incumprimento destes estatutos, nomeadamente do que establecen sobre os fins da asociación.
- 3 Por falta de pagamento da cota de tres ou máis anualidades.

A proposta de separación dunha entidade local, por vontade propia ou por incumprimento das súas obrigas, deberalle ser formulada pola Xunta Directiva á Asemblea Xeral e será válida desde o momento en que esta a acorde por maioría simple dos membros presentes.

O membro que, por calquera causa, deixe de pertencer á asociación estará suxeito ao cumprimento dos compromisos e obrigas contraídas con anterioridade.

En caso de baixa voluntaria, as obrigas coa asociación deixarán de ter efecto desde o momento en que a Xunta Directiva tome conta da solicitude da entidade local.

Artigo 12

A pertenza á asociación implica a obriga do pagamento da cota de participación no primeiro trimestre de cada anualidade.

A situación de débeda dunha cota anual implicará a perda do dereito de voto nos órganos da asociación e, polo tanto, a imposibilidade de optar a formar parte da Xunta Directiva.



Co fin de garantir o cumprimento desta obriga, ao inicio de cada asemblea, a Tesourería dará conta da situación das entidades membros.

Perderase a condición de entidade socia pola falta de pagamento de tres cotas ou máis cando, unha vez requirido, pasen máis de tres meses sen que se efectúe.

Artigo 13

As entidades públicas ou privadas que teñan entre os seus obxectivos o desenvolvemento, defensa e promoción dun maior uso da lingua galega poderán sumarse á asociación como membros amigos.

A condición de membro amigo supón que a entidade pode participar nas reunións e asembleas da asociación con voz pero sen voto. Non poderá formar parte dos órganos de goberno e non ten a obriga de pagar as cotas.

Para obter a condición de membro amigo, a entidade ou organismo interesado deberá solicitarlle á Presidencia a admisión argumentando a súa vinculación coa defensa e promoción da lingua galega. Será a Asemblea Xeral a que acorde ou denegue admitila.

CAPÍTULO II. DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

Artigo 14

Os órganos de goberno da asociación son os seguintes:

- 1 Asemblea Xeral, onde están representadas todas as entidades locais socias.
- 2 Xunta Directiva, que é o órgano de goberno da asociación e está formada pola Presidencia, a Vicepresidencia, a Secretaría, a Tesouraría e tres vogalías.

Artigo 15

A Asemblea Xeral é o órgano soberano da asociación e está formada por todos os representantes das corporacións asociadas.

As entidades socias estarán representadas polo responsable político que designen consonte a súa normativa e polo responsable técnico do Servizo de Normalización Lingüística. En calquera caso, a cada entidade socia corresponderalle un único voto.



Artigo 16

Son competencias da Asemblea Xeral:

- 1 Aprobar os estatutos e a súa modificación.
- 2 Aprobar o plan de actuacións da asociación.
- 3 Aprobar os orzamentos e contas xerais.
- 4 Aprobar as normas de funcionamento que desenvolvan estes estatutos, se é o caso.
- 5 Aprobar as cotas ordinarias e as achegas económicas extraordinarias.
- 6 Establecer a estrutura organizativa.
- 7 Aplicar o réxime disciplinario e sancionador nos supostos que establezan os estatutos e a demais normativa que os poida desenvolver.
- 8 Admitir novas entidades socias e membros amigos.
- 9 Acordar a separación dos membros que incumpran as súas obrigas de acordo con estes estatutos.
- 10 Disolver a asociación.

Artigo 17

As sesións da Asemblea Xeral poderán ser ordinarias e extraordinarias.

A asemblea reunirse con carácter ordinario polo menos unha vez ao ano, e será convocada pola presidencia cun mínimo de quince días de antelación á data en que vaia ter lugar.

A asemblea reunirse con carácter extraordinario cantas veces sexa necesario, e será convocada pola Presidencia ou por pedimento dun terzo das entidades socias. A convocatoria farase coa máxima antelación necesaria e, cando menos, dous días antes.

As asembleas xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando asistan dous terzos das entidades asociadas con dereito a voto. En segunda convocatoria, que se realizará polo menos media hora máis tarde da primeira, quedará constituída a asemblea sempre que asistan a presidencia e, cando menos, un terzo das entidades socias, coas excepcións reguladas no artigo 19.



Artigo 18

A convocatoria das asembleas, tanto ordinarias como extraordinarias, formularase por escrito e será enviada, prioritariamente por medios electrónicos. Incluirá, en todo caso, o lugar, día e hora en que vai ter lugar a xuntanza e a orde do día da sesión.

Os asuntos da orde do día serán todos aqueles que, dentro dos fins da asociación, propoña a Xunta Directiva ou un terzo dos membros da asociación, sempre que o soliciten expresamente.

De cada sesión, redactarase unha acta en que consten os acordos adoptados a respecto de cada un dos asuntos.

Artigo 19

En xeral, os acordos adoptaranse por maioría simple. En caso de empate, decidirá o voto de calidade da presidencia. Requirirase unha maioría cualificada dos membros presentes ou representados, que resultará cando os votos afirmativos superen a metade, para

- 1 Nomear ou destituír a Xunta Directiva.
- 2 Nomear ou destituír a Presidencia.
- 3 Acordar a integración nunha federación de ámbito máis amplo.
- 4 Dispoñer dos bens integrantes do capital inmovilizado, se é o caso.
- 5 Modificar os estatutos.
- 6 Disolver a entidade.

Artigo 20

A Presidencia da asociación será elixida na Asemblea Xeral de entre as entidades locais que desexen exercela, coa maioría que dispón o artigo 19.

A Vicepresidencia, a Secretaría e a Tesourería e as tres vogalías que completan a Xunta Directiva tamén serán elixidas entre as entidades asociadas que se postulen. No caso de que non se formulen propostas abundas para todos os cargos da Xunta Directiva, elixiranse entre as entidades que aínda non fosen membros.



Artigo 21

O mandato da Xunta Directiva será de dous anos.

Calquera dos membros da Xunta Directiva poderá deixar o cargo polas seguintes causas:

- 1 Por dimisión, comunicada por escrito á asemblea.
- 2 Por perda da condición de membro da asociación.
- 3 Por destitución mediante acordo da Asemblea Xeral en sesión extraordinaria, convocada para este único efecto, en tanto se realice a seguinte asemblea xeral ordinaria. Será necesario o voto da maioría absoluta dos asistentes.

Artigo 22

A Xunta Directiva terá as seguintes atribucións:

- 1 Aprobar o programa de traballo e os proxectos da asociación.
- 2 Propoñer e executar o orzamento tendo en conta as liñas marcadas pola asemblea xeral e segundo os recursos económicos dos que se dispoña.
- 3 Executar os acordos da Asemblea Xeral.
- 4 Crear comisións de traballo por áreas ou para desenvolver proxectos concretos das que poderán formar parte as persoas representantes das entidades que se acorde, sexan ou non membros da Xunta Directiva.
- 5 Decidir sobre cuestións reservadas á Asemblea Xeral en caso de extrema urxencia, que deberán ser ratificadas posteriormente pola asemblea na súa seguinte sesión
- 6 Velar polo bo funcionamento da asociación.
- 7 As competencias que a Presidencia ou a Asemblea Xeral deleguen nela.

Artigo 23

A Presidencia da asociación terá as seguintes atribucións:

- 1 Representar a asociación.
- 2 Tutelar o persoal técnico con que poida contar a asociación.
- 3 Convocar e presidir as sesións da Asemblea Xeral.
- 4 Ordenar e autorizar pagamentos.



5 Asinar en nome da asociación cantos documentos públicos e privados sexan precisos para percibir calquera tipo de subvención, achegas derivadas de convenios e toda clase de cantidades e cobros por calquera concepto das administracións públicas e dos organismos delas dependentes ou doutras entidades.

A Vicepresidencia substituirá a Presidencia en caso de ausencia ou naqueles en que esta lle delegue o exercicio das súas competencias.

Artigo 24

Son funcións da Secretaría:

- 1 Asistir a Presidencia nas asembleas e xuntas directivas.
- 2 Redactar e autorizar as actas e certificacións dos acordos que se adopten na asemblea e na Xunta Directiva.
- 3 Dirixir os servizos técnicos da asociación.
- 4 Custodiar e levar ao día toda a documentación, arquivos e rexistros da asociación.

Artigo 25

Son funcións da Tesourería:

- 1 Custodiar os fondos da asociación e levar en orde a contabilidade.
- 2 Cumprir as ordes de pagamento que dite a Presidencia.
- 3 Confeccionar os orzamentos anuais, os estados de contas e os balances da asociación e darlles conta deles á asemblea e á Xunta Directiva.

Artigo 26

A asociación procurará dispor do persoal técnico necesario para desenvolver coa maior eficacia os fins para os que se crea e, nomeadamente, para as tarefas de xerencia, apoio aos órganos de goberno e xestión dos programas de actuación. Poderá contar, así mesmo, co apoio do persoal técnico das entidades locais socias.

CAPÍTULO IV. DO RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 27

Os recursos da asociación procederán de:



1 As cotas ordinarias de carácter anual.

2 As achegas extraordinarias que realicen as entidades socias para o desenvolvemento de programas aos que se adhiran ou polas prestacións que reciban.

3 As subvencións ou doazóns que se reciba.

4 Os rendementos propios do seu patrimonio e derivados das súas actividades e publicacións.

Artigo 28

Establécense as seguintes cotas ordinarias, que terán carácter anual e poderán ser revisadas pola Asemblea Xeral cada dous anos.

Concellos con menos de 5.000 habitantes: 1.000 euros.

Concellos entre 5.001 e 30.000 habitantes: 2.500 euros.

Concellos entre 30.001 e 80.000 habitantes: 5.000 euros.

Concellos de 80.001 habitantes en diante: 10.000 euros.

Deputacións provinciais: 30.000 euros.

O aboamento das cotas deberá realizarse no primeiro trimestre do ano segundo se regula nos artigos 10 e 12 destes estatutos.

Artigo 29

A asociación levará unha contabilidade que permita obter a imaxe fiel do patrimonio, do resultado e da situación financeira da entidade e cumprirá tamén coas demais obrigas contables que determinen as normas específicas que resulten de aplicación a esta asociación.

O exercicio económico coincidirá co ano natural e rematará cada ano o día 31 de decembro agás no caso de disolución da asociación, nese caso o peche será o da asemblea que aprobe a disolución. A data de apertura do exercicio económico coincidirá co 1 de xaneiro, agás no caso da súa fundación que será a data da súa acta fundacional.

CAPÍTULO V. DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 30

A asociación poderá disolverse se así o acorda a Asemblea Xeral, se incorre nalguna das causas que determina o artigo 39 do Código civil ou existe unha resolución xudicial firme neste sentido.



O acordo de disolución deberá ser adoptado nunha sesión extraordinaria da Asemblea Xeral convocada para este fin.

Unha vez adoptado este acordo, constituirase unha comisión da asemblea que se encargará de liquidar a asociación e repartir o patrimonio social entre as entidades socias, unha vez deducidos os recursos para o cumprimento das obrigas pertinentes.”

INTERVENCIONS.-

A concelleira Amoedo Dasilva explica que é unha proposta presentada polo departamento de normalización lingüística. Como se falou na comisión hai un pequeno axuste, o propuxo AER. Esta proposta está dentro do que este Concello viu demostrando cada ano de potenciar o uso do galego.

O concelleiro Fojo Durán di que lles parece ben a proposta.

O concelleiro González Campo di que é unha iniciativa que xurde das entidades de carácter local que se constituíu hai unha semana por 15 concellos que teñen por principal finalidade a defensa da lingua galega. Porqué as entidades locais teñen que crear esta rede? Porque o principal responsable que é a Xunta está poñendo en marcha medidas que van xusto en contra do noso idioma. O uso e valorización do idioma galego entre as idades máis temperás foi desaparecendo, por iso os concellos toman partido a través desta asociación. Redondela como non entra nos concellos de 30.001 habitantes ten que pagar menos, grazas á mala xestión da poboación que fixo o PP. Quen debería promover políticas a prol do idioma é quen o está tentando exterminar, que é a Xunta. Apoiaremos a proposta.

O concelleiro Covelo Míguez: hoxe é un bo día para tratar este tema, día internacional da lingua materna. Estamos falando de galeguizar a administración local. En Redondela é unha cuestión histórica, é un dos 50 concellos galegos que conta con servizo de normalización lingüística. Pensamos que é positivo adherirse á asociación. O que propuxo AER viña un pouco do informe de intervención. É sobre as achegas extraordinarias que podía acordar a asociación, o correcto é que dependa do Concello esta achega e non que a poida acordar a asociación; o outro punto é para contratar servizos e investimentos pero tamén subministros, someténdose á normativa de contratación pública.

No artigo 21 se establece que o mandato a Xunta Directiva sexa de 2 anos, será unha cuestión que aborden por regulamento interno. Como compaxinar isto co mandato dos concelleiros? Vemos moi interesante difundir o galego e actividades relacionadas, entendemos que no tema de normalización lingüística existirá un cambio.



O concelleiro Araújo Figueroa di que o PSOE apoiará este acordo, non podemos esquecer que este Concello foi o pioneiro na normalización. O PSOE sempre estivo en defensa do idioma galego, cando tiñamos a Touriño na Xunta se defendeu a normalización lingüística por toda Galicia. Sempre apoiaremos o idioma e felicitamos ó funcionario de normalización lingüística.

A concelleira Amoedo Dasilva: o galego ten que convivir con outro idioma que é o oficial, o castelán. Vostedes maniféstanse contra o presidente da Xunta por este tema.

O concelleiro González Campo: nos manifestamos pouco, votouse man da extrema dereita de Galicia-Bilingüe. O goberno galego tenlle *tirria* ó idioma galego. Apoiaremos isto porque é unha iniciativa de entidades locais que queren dignificar e poñer en valor o idioma galego.

O concelleiro Covelo Míguez: na asociación no seu día terá que contratar xente, que ese persoal que se contrate sexa acorde co procedemento de selección aplicable á administración. Respecto do servizo de normalización lingüística en Redondela pensamos que unha vez que se abra a cancha, hai que mirar de retroalimentarse e crear sinerxias. Dotar de máis recursos ó servizo de normalización porque ten iniciativas e creatividade.

Queremos que as futuras xeracións teñan a posibilidade de coñecer dous idiomas, non só o castelán, tamén o galego. Trátase de que polo menos se equiparen os dous idiomas.

O concelleiro Araújo Figueroa: aínda me lembro noutras corporacións enfrontamentos entre PSOE e PP, foi pena que este Concello non pagase os autobuses para a defensa da sanidade pública. Sra. Amoedo cre que o uso do idioma galego non retrocedeu? Aquí se deixou herdanza con firma de goberno socialista e firma de Xaime Rei, alcalde socialista.

A concelleira Amoedo Dasilva: estou orgullosa desta corporación. Feijóo conta con maioría absoluta, algo fará ben. O BNG e PSOE baixan, algo estará facendo mal. Se hai alguén que defende o galego é o sr. Feijóo.

VOTACIÓN E ACORDO:

Sometido o asunto a votación segundo o detalle contido na proposta, apróbase por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, sendo 20 votos a favor (08 do PP, 01 concelleiro non adscrito, 06 do PSdeG-PSOE e 01 do BNG e 04 de AER).



5. Expediente 903/2019. RENUNCIA MAURO ÁLVAREZ A SÚA ACTA DE CONCELLEIRO.

Por alcaldía se dá conta da seguinte proposta de toma de coñecemento:

“Expediente n.º 903/2019

Asunto: toma de conocimiento de renuncia de concejal.

PROPUESTA DE ALCALDÍA

VISTO el escrito de renuncia a su condición de concejal presentado el 12 de febrero de 2019 por Mauro Álvarez Castro con DNI 39.451.271S, que concurrió a las elecciones municipales de 2015 del Ayuntamiento de Redondela por la candidatura del Partido Socialista de Galicia-PSOE.

Visto que en fecha 13 de febrero de 2019 tuvo entrada por registro escrito de Ana Isabel Alonso Pazos con DNI 77.000.853G, que concurrió a las elecciones municipales de 2015 del Ayuntamiento de Redondela por la candidatura del Partido Socialista de Galicia-PSOE, renunciando a poder ser nombrada concejala.

CONSIDERANDO lo dispuesto en el art. 9.4 del Reglamento de Organización y Funcionamiento de las Entidades Locales y en los arts. 15.2, 19.1.I) y 182 de la Ley Orgánica 5/1985, de 19 de junio, del Régimen Electoral General y normas concordantes, especialmente en la Instrucción de la Junta Electoral Central de 10 de julio de 2003, sobre sustitución de cargos representativos locales, esta Alcaldía propone al Pleno:

PRIMERO.- Tomar conocimiento de la renuncia a su condición de concejal presentada el 12 de febrero de 2019 por Mauro Álvarez Castro con DNI 39.451.271S, que concurrió a las elecciones municipales de 2015 del Ayuntamiento de Redondela por la candidatura del Partido Socialista de Galicia-PSOE.

SEGUNDO.- Tomar conocimiento del escrito de 13 de febrero de 2019 presentado por Ana Isabel Alonso Pazos con DNI 77.000.853G, que concurrió a las elecciones municipales de 2015 del Ayuntamiento de Redondela por la candidatura del Partido Socialista de Galicia-PSOE, renunciando a poder ser nombrada concejala.

TERCERO.- Remitir certificación del presente acuerdo a la Junta Electoral Central a los efectos de la expedición de credencial acreditativa de la condición de electo a favor del siguiente candidato en la lista electoral presentada por la candidatura del Partido Socialista de Galicia-PSOE en las elecciones municipales de 2015 al Ayuntamiento de Redondela.”



Se toma coñecemento pola Corporación Municipal.

O sr. alcalde ó sr. Mauro Álvarez o seu paso pola Corporación.

O sr. Darriba Ferradás dille ó sr. Mauro Álvarez que foi un pracer compartir a experiencia, apreciamos o que aportaches a pesar das discrepancias. Grazas.

O sr. Cabaleiro Couñago di que en nome dos compañeiros e compañeiras do grupo e partido lle agradecen o seu gran traballo.

A sra. Amoedo Dasilva deséxalle sorte en nome do grupo municipal do Partido Popular.

Non existindo máis asuntos que tratar, sendo as 22:00 horas se dá por rematada a sesión polo sr. alcalde.